

Informe de resultados da enquisa interna a egresados do MEQB (outubro 2022)

A comezos do curso 2022-2023 enviouse desde a ETSE unha enquisa a aqueles egresados do MEQB para os que temos permiso de utilizar os seus datos de contacto para este propósito (soamente 43 egresados... de aproximadamente 140 en total no histórico do máster), sobre inserción laboral. Recibíronse 23 respostas (19 delas totais, as outras 4 parciais). Da análise dos resultados poden destacarse os seguintes elementos:

- A porcentaxe de egresados cunha opinión moi positiva da formación recibida no MEQB incrementábase desde un 9 % xusto ó rematar o máster ata un 20 % pasados cinco anos. Por contra, a porcentaxe de egresados cunha opinión neutra ou negativa pasa do 30 % (26 % neutra, 4 % negativa) a un 40 % (neutra). Non hai egresados cunha opinión moi negativa.
- Un 56 % dos egresados xa tiña un emprego relacionado cos estudos antes de tres meses tras concluír o máster. Esta porcentaxe sobe ata o 82 % se se expande o período ata seis meses tras rematar o máster.
- No que respecta á situación laboral actual, un 52 % está traballando nunha empresa nun posto relacionado cos estudos. Un 30 % adicional está investigando a nivel universitario ou desenvolvendo algún tipo de ampliación de estudos.
- A maioría (63 %) traballa nunha empresa privada, mentres que un 23 % o fai no ámbito universitario. O tamaño da institución para a que se traballa é maioritariamente grande (un 66 % para o caso de empresas con máis de 250 empregados).
- Os sectores de traballo predominantes son: medio ambiente (26 %), educación (22 %), enxeñería e consultoría (17 %), enerxía e combustibles (13 %), madeira e papel (13 %) e sector químico (13 %).
- A maioría (78 %) traballa en Galicia, mentres que un 9 % o fai no resto de España e un 13 % no estranxeiro.
- Un 30 % opina que o seu traballo está moi relacionado coa formación recibida no máster. Outro 30 % opina que está algo relacionado.
- Ó longo dun período de cinco anos tras concluír o máster, a porcentaxe de egresados que desempeña funcións de enxeñeiro pasa de 21 % tras tres meses a 50 % ós cinco anos. A porcentaxe de egresados dedicados a investigación móvese no rango 31-42 % nos primeiros dous anos tras rematar, mentres que ós cinco anos baixa ó 13 %.
- O salario mensual bruto vai aumentando en promedio a medida que pasa tempo tras rematar os estudos. Nun horizonte de cinco anos tras finalizar o máster, o 87 % dos egresados declara ter un salario mensual bruto superior ós 1800 euros.